

Subgrupo 6. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de seguridade e contra incendios.

Subgrupo 7. Mantemento e reparación de equipamentos e maquinaria de oficina.

Subgrupo 8. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de aparellos elevadores e de traslación horizontal.»

Debe dicir:

«Subgrupo 1. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións eléctricas e electrónicas.

Subgrupo 2. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de fontanería, conduccións de auga e gas.

Subgrupo 3. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de calefacción e aire acondicionado.

Subgrupo 4. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de electromedicina.

Subgrupo 5. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de seguridade e contra incendios.

Subgrupo 6. Mantemento e reparación de equipamentos e maquinaria de oficina.

Subgrupo 7. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de aparellos elevadores e de traslación horizontal.»

Na páxina 1174, columna 1, artigo 44, segunda columna do cadro:

Onde di: «1.500.000».

Debe dicir: «150.000».

Na páxina 1175, columna 1, artigo 47.4, letra a), liña 5:

Onde di: «...exercicios pechados, se existe...».

Debe dicir: «...exercicios pechados; se existe...».

Na páxina 1200, columna 1, artigo 183.1, liña 1:

Onde di: «...Con excepción dos expostos».

Debe dicir: «...Con excepción dos supostos...».

Na páxina 1209, columna 2, anexo II, grupo O, subgrupo 4:

Onde di: «Subgrupo 4. Mantemento integral...».

Debe dicir: «Subgrupo 4. Conservación e mantemento integral...».

Na páxina 1215, anexo VI, liña 5:

Onde di: «...(euros e pesetas) (5),...».

Debe dicir: «...(en letras e en cifras) (5),...».

Na páxina 1270. Instrucións para cubri-lo modelo...

Onde di: «Folla 3. No cadro indicárase...».

Debe dicir: «Folla 3. No primeiro cadro indicárase...».

Na páxina 1270. Instrucións para cubri-lo modelo...

Onde di: «Folla 4. Determínanse...».

Debe dicir: «...No segundo cadro determínanse...».

Na páxina 1274, anexo XII, columna 1.^a, recadro 27, liña 2:

Onde di: «...autovías e calzadas.»

Debe dicir: «...autovías, calzadas e vías férreas.»

XEFATURA DO ESTADO

24173 *LEI 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo. («BOE» 304, do 20-12-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, se promulgou o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, transcorreu unha década durante a cal esta norma serviu de fundamento legal a todo o dereito positivo da circulación, constituído basicamente polo Código da circulación, que non foi bruscamente derogado senón que subsistiu como regulamentación vixente ó abeiro da disposición transitoria dese texto articulado e en canto este non se desenvolver.

Coa publicación do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, culminouse o imprescindible desenvolvemento regulamentario da lei e ábrese unha nova etapa, polo que é o momento oportuno para efectuar nese texto articulado os axustes e melloras que a súa aplicación revelou necesarios e dos que cabe salienta-los seguintes:

No título I, relativo ó exercicio e a coordinación das competencias sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, no capítulo I, competencias, inclúese como nova a xestión e control do tráfico, e no capítulo II, que trata do Consello Superior de Tráfico e Seguridade da Circulación Vial, co fin de que a composición do Pleno dese órgano consultivo se axuste en todo momento á estrutura orgánica administrativa e social vixente, habilítase a súa determinación por vía regulamentaria, dentro dos límites que a lei establece para garanti-la participación de representantes das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, da Administración local e de diversas organizacións profesionais, económicas, sociais e de consumidores e usuarios.

No título II, sobre normas de comportamento na circulación, préstase especial atención á utilización polos usuarios de novas técnicas como son os teléfonos móbiles. Non ocorre o mesmo coa utilización de técnicas para contrarresta-la vixilancia da circulación, as cales se tipifican como infraccións de tráfico. A isto responden as modificacións que se introducen nos capítulos I, sobre normas xerais, e II, sobre circulación de vehículos, que se complementan no capítulo III, sobre outras normas de circulación.

No título IV, relativo ás autorizacións administrativas, as modificacións dos capítulos III e IV substitúen o termo revogación da autorización, polo de perda de vixencia, e o de anulación polo de lesividade, en consonancia cos conceptos legais do procedemento administrativo común.

No título V, que trata das infraccións e sancións, das medidas cautelares e da responsabilidade, as modificacións máis importantes, á parte de pequenos retoques,

afectan o capítulo I, sobre infraccións e sancións, e van dirixidas a configura-las infraccións moi graves como infraccións con substantividade propia, deixando de ser elementos constitutivos delas as circunstancias con-correntes de perigo, as cales pasan a ser circunstancias de graduación das sancións. Suprímese do catálogo de infraccións moi graves a omisión do deber de socorro, ó tratarse dunha conducta tipificada e sancionada no Código penal vixente.

Polo que respecta ás sancións, cabe destaca-la posibilidade de cumprir fraccionalmente a suspensión do permiso de conducir e de obte-la substitución por outras medidas reeducadoras das sancións ou a redución de ata o 30 por 100 da contía da multa e do período de suspensión do permiso de conducir en liña coas modernas correntes de reinserción social.

Por outra parte, o novo réxime de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado establecido pola Lei 6/1997, do 14 de abril, motiva a modificación do artigo 68 para axustar a esta lei as competencias sancionadoras en materia de tráfico.

No capítulo II, das medidas cautelares, a modificación introducida responde á necesidade de amplia-las facultades dos axentes de tráfico canto á inmovilización do vehículo para comprobar determinadas infraccións ou ante a gravidade destas.

No capítulo III, e en conexión co disposto no número 3 do artigo 130 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, como tamén na Lei 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, establécese a responsabilidade solidaria, no referente á multa pecuniaria polas infraccións cometidas polos menores, daquelas persoas que, por teren a custodia legal destes, teñen tamén o deber de previla infracción.

No título VI, relativo ó procedemento sancionador e recursos, introducíronse as modificacións precisas para axusta-lo texto articulado á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Recóllese unha modificación substancial no procedemento administrativo, non suspendendo este senón soamente ó chegar á resolución, cando existan actuacións xurisdiccionais penais que, de se sobreseren, obrigarían a retoma-la instrucción administrativa con mingua dos dereitos dos interesados.

Por último, no capítulo III, da prescrición e cancelación de antecedentes, o prazo de prescrición das infracciónsponse en relación coa gravidade destas e amplíase o prazo de cancelación das sancións graves e moi graves a dous anos, co obxecto de poder ter en conta durante todo ese tempo os antecedentes dos conductores, pois estes considéranse esenciais en materia de seguridade vial.

Artigo único.

Os artigos 4, letra i); 5.j) e k); 6; 7.b); 8.2 e 4; 10.1 e 6; 11.3, 4 e 5; 15.1; 18.1; 19.5; 20.2 e 3; 23.5.c); 33.4; 34.4; 37; 39.1.j); 42.3; 45; 52; 53.1; 60.2; 61.5; 63, números 1, 2, 3, 4 e 5; 64; 65, números 1, 4, 5 e 6; 67; 68; 70; 71.1.g); 72, números 1 e 3; 73; 74; 77; 79.3; 80; 81; 82; 84.5; os números 68, 70, 71, 72, 73, 74 e 75 do anexo e o enunciado do capítulo IV do título IV do texto articulado da Lei sobre tráfico, cir-

culación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, quedan redactados nos seguintes termos:

Un) Artigo 4. *Competencias da Administración xeral do Estado.*

Na alínea i) substitúese a expresión «... nenos...» por «... menores...».

Dous) Artigo 5. *Competencias do Ministerio do Interior.*

A alínea j) queda redactada nos seguintes termos:

«j) A denuncia e sanción das infraccións por incumprimento da obriga de se someter á inspección técnica de vehículos, así como ás prescricións derivadas dela, e por razón do exercicio de actividades industriais que atinxan de maneira directa a seguridade vial.»

A alínea k) queda redactada nos seguintes termos:

«k) A regulación, xestión e control do tráfico en vías interurbanas e en travesías, establecendo para estas últimas fórmulas de cooperación ou delegación coas entidades locais e sen prexuízo do establecido noutras disposicións e das facultades doutros departamentos ministeriais.»

Tres) Artigo 6.

Na rúbrica do artigo 6 do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, substitúese «... Xefatura Central de Tráfico...» por «... organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico...».

Catro) Artigo 7. *Competencias dos municipios.*

A alínea b) deste artigo queda redactada nos seguintes termos:

«b) A regulación mediante ordenanza municipal de circulación dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcadoiros entre tódolos usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garanti-la rotación dos aparcadoiros, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo isto co fin de favorece-la súa integración social.»

Cinco) Artigo 8. *Composición e competencia.*

Os números 2 e 4 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Dentro do campo da seguridade vial, elaborará e propondrá plans de actuación conxunta, para cumpra-las directivas previamente marcadas polo Goberno ou para sometelos á súa aprobación; asesorará os órganos superiores de decisión e informará sobre a publicidade dos vehículos de motor, sobre convenios e tratados internacionais e os proxectos de disposicións de carácter xeral en materia de circulación de vehículos; así mesmo, coordinará e impulsará a actuación dos distintos organismos, entidades e asociacións que desenvolvan actividades relacionadas coa seguridade vial.»

«4. O Pleno é o órgano colexiado presidido polo ministro do Interior con representación ponderada das distintas administracións públicas, ben como

das diversas organizacións profesionais, económicas e sociais, e de consumidores e usuarios.

A súa composición determinarase regulamentariamente dentro dos seguintes límites: dezanove membros con voz e voto que representarán a Administración xeral do Estado; dezanove membros con voz e voto que representarán as comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla; dezanove membros con voz e voto que representarán a Administración local e vinteseite membros con voz e voto que representarán as organizacións a que se refire o parágrafo anterior.»

Seis) Artigo 10. *Obras e actividades prohibidas.*

O parágrafo primeiro do número 1 queda redactado nos seguintes termos e engádese o número 6.

«1. A realización de obras, instalacións, colocación de contedores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisoria nas vías obxecto desta lei necesitará a autorización previa do titular destas e rexeranse polo disposto na Lei de estradas e no seu regulamento, e nas normas municipais. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico, que poderá levarse a efecto por petición da Xefatura Central de Tráfico.»

«6. Non poderán circular polas vías obxecto desta lei os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores ós regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores ós límites establecidos e nos supostos de teren sido obxecto dunha reforma de importancia non autorizada. Tódolos conductores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comproba-las posibles deficiencias indicadas.»

Sete) Artigo 11. *Normas xerais de conductores.*

Modifícanse os números 3 e 4 e engádese un novo número 5 nos seguintes termos:

«3. Queda prohibido conducir utilizando auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, agás durante a realización das probas de aptitude en circuito aberto para a obtención de permiso de conducción nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Prohíbese a utilización durante a conducción de dispositivos de telefonía móbil e calquera outro medio ou sistema de comunicación, agás cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregarlas mans nin usar auriculares ou instrumentos similares.

Quedan exentos desta prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

4. Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas, con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente permíttese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os conductores sexan os pais ou nais, titoros ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

5. Prohíbese que nos vehículos se instalen mecanismos ou sistemas, se leven instrumentos ou se acondicionen de forma encamiñada a eludirla vixilancia dos axentes de tráfico, como igualmente que se emitan ou fagan sinais con esta finalidade.»

Oito) Artigo 15. *Utilización da beiravía.*

O número 1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O conductor de calquera vehículo de tracción animal, vehículo especial con masa máxima autorizada non superior á que regulamentariamente se determine, ciclo, ciclomotor, vehículo para persoas de mobilidade reducida ou vehículo en seguimento de ciclistas, no caso de que non exista vía ou parte dela que lles estea especialmente destinada, circulará pola beiravía da súa dereita, se fose transitable e suficiente e, se non o fose, utilizará a parte imprescindible da calzada. Deberán tamén circular pola beiravía da súa dereita ou, nas circunstancias a que se refire este punto, pola parte imprescindible da calzada, os conductores de motocicletas, de turismos e de camiións con peso máximo autorizado que non exceda do que regulamentariamente se determine que, por razóns de emerxencia, o fagan a velocidade anormalmente reducida, perturbando con iso gravemente a circulación. Non obstante, os conductores de bicicleta poderán supera-la velocidade máxima fixada regulamentariamente para estes vehículos naqueles treitos nos que as circunstancias da vía aconsellen desenvolver unha velocidade superior, e poderán mesmo ocupa-la parte dereita da calzada que necesiten, especialmente en descensos prolongados con curvas.»

Nove) Artigo 18. *Circulación en autoestradas e autovías.*

O número 1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Prohíbese circular por autoestradas e autovías con vehículos de tracción animal, bicicletas, ciclomotores e vehículos para persoas de mobilidade reducida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os conductores de bicicletas poderán circular polas beiravías das autovías, salvo que, por razóns de seguridade vial, se prohiba mediante a sinalización correspondente.»

Dez) Artigo 19. *Límites de velocidade.*

O número 5 queda redactado nos seguintes termos:

«5. Poderase circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias de tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Once) Artigo 20. *Distancias e velocidade esixible.*

O número 2 e o primeiro inciso do número 3 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Todo conductor dun vehículo que circule detrás doutro deberá deixar entre ambos un espazo libre que lle permita deterse, en caso de freada brusca, sen colidir con el, tendo en conta especialmente a velocidade e as condicións de adhe-

rencia e freada. Non obstante, permitiráselles ós conductores de bicicletas circular en grupo, extremado nesta ocasión a atención co fin de evitar alcances entre eles.

3. Ademais do disposto no número anterior, a separación que debe gardar todo conductor de vehículo que circule detrás doutro sen sinalalo seu propósito de adiantamento, deberá ser tal que lle permita ó que pola súa vez o siga adiantalo con seguridade, excepto se se trata de ciclistas que circulan en grupo.»

Doce) Artigo 23. *Condutores, peóns e animais.*

Engádeselle unha nova alínea c) ó número 5, que quedará redactado nos seguintes termos:

«c) Cando os conductores de bicicleta circulen en grupo, serán considerados como unha única unidade móbil para os efectos de prioridade de paso. En circulación urbana aplicarase o disposto pola ordenanza municipal correspondente.»

Trece) Artigo 33. *Normas xerais do adiantamento.*

Engádesese un novo número 4, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. Non se considerarán adiantamentos para efectos destas normas os producidos entre ciclistas que circulen en grupo.»

Catorce) Artigo 34. *Execución do adiantamento.*

Engádesese un novo número 4, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. Todo conductor de vehículo automóbil que se propoña realizar un adiantamento a un ciclo ou ciclomotor, ou conxunto deles, deberá realizalo ocupando parte ou a totalidade do carril contrario da calzada, sempre e cando existan as condicións precisas para realizar un adiantamento nas condicións previstas na lei. Queda expresamente prohibido adiantar pondo en perigo ou entorpecendo ciclistas que circulen en sentido contrario.»

Quince) Artigo 37. *Supostos especiais de adiantamento.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«Cando nun tramo de vía en que estea prohibido o adiantamento se encontre inmovilizado un vehículo que, en todo ou en parte, ocupe a calzada no carril do sentido da marcha, e salvo os casos en que a inmovilización responda ás necesidades do tráfico, poderá ser adiantado, aínda que para iso haxa que ocupar parte do carril esquerdo da calzada, despois de asegurarse de que se pode realiza-la manobra sen perigo. Con idénticos requisitos, poderase adiantar conductores de bicicletas.»

Dezaseis) Artigo 39. *Prohibicións de paradas e estacionamentos.*

Engádesese unha nova alínea j) ó número 1, que quedará redactado nos seguintes termos:

«j) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos e pasos de peóns.»

Dezasete) Artigo 42. *Uso obrigatorio de luces.*

O número 3 queda redactado nos seguintes termos:

«3. As bicicletas, ademais, estarán dotadas dos elementos reflectores debidamente homologados

que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos de acordo con esta normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de luces, os conductores de bicicletas, ademais, levarán colocada algunha peza de roupa reflectora se circulan por vía interurbana.»

Dezaioito) Artigo 45. *Portas.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou baixar del sen asegurarse previamente de que isto non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a conductores de bicicletas.»

Dezanove) Artigo 52. *Publicidade.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«Prohíbese a publicidade en relación con vehículos de motor que ofrezca na súa argumentación escrita ou verbal, nos seus elementos sonoros ou nas súas imaxes, incitación á velocidade excesiva, á conducción temeraria, a situacións de perigo ou calquera outra circunstancia que supoña unha conducta contraria ós principios desta lei ou cando esta publicidade induza o conductor a unha falsa ou non xustificada sensación de seguridade. Esta publicidade estará sometida ó réxime de autorización administrativa previa, de acordo co establecido na lexislación reguladora da publicidade.»

Vinte) Artigo 53. *Normas xerais sobre sinais.*

Engádenselle dous parágrafos ó número 1, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obriga de detención, non poderá proseguir a súa marcha o conductor do vehículo así detido ata cumprir-la finalidade que o sinal establece.

Nas peaxes dinámicas ou telepeaxes, os vehículos que as utilicen deberán estar provistos do medio técnico que posibilite o seu uso en condicións operativas.»

Vinteún) Artigo 60. *Permisos de conducción.*

O número 2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. O ensino dos coñecementos e técnicas necesarios para a conducción, o posterior perfeccionamento e renovación de coñecementos, así como a constatación das aptitudes psicofísicas dos conductores serán exercidos por centros oficiais ou privados, que necesitarán de autorización previa para desenvolve-la súa actividade.

Co fin de garanti-la seguridade vial, o Goberno determinará os elementos persoais e materiais mínimos dos centros de ensino e de recoñecemento e as condicións para a súa autorización. En particular, regularase regulamentariamente o réxime docente e de funcionamento dos centros de ensino. A titulación e acreditación dos profesores e directores basearase en probas obxectivas que valoren os coñecementos, a aptitude pedagóxica e a experiencia práctica. As probas convocaranse periodi-

camente e a cualificación poderá ser obxecto de recurso.

Igualmente co fin de garanti-la seguridade vial regularase regulamentariamente o funcionamento dos centros de recoñecemento de conductores.»

Vintedous) Artigo 61. *Permiso de circulación e documentación dos vehículos.*

O número 5 queda redactado nos seguintes termos:

«5. A circulación dun vehículo sen autorización, ben por non obtela ou porque fose obxecto de anulación ou declarada a súa perda de vixencia, dará lugar á súa inmovilización ata que se dispoña desta autorización, de acordo co que regulamentariamente se determine.»

Vintetrés) Capítulo IV do título IV.

O seu enunciado será o seguinte: «Nulidade. Lesividade e perda de vixencia.»

Vintecatros) Artigo 63. *Anulación e revogación.*

O seu enunciado e os números 1, 2, 3, 4 e 5 quedan redactados nos seguintes termos:

«Declaración de nulidade ou lesividade e perda de vixencia.

1. As autorizacións administrativas reguladas no presente título poderán ser obxecto de declaración de nulidade ou lesividade cando conorra algún dos supostos previstos nos artigos 62 e 63, respectivamente, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade axustarase ó disposto no título VII, capítulo I, do mencionado texto legal.

3. Con independencia do disposto nos parágrafos anteriores, a vixencia das autorizacións administrativas reguladas neste título estará subordinada a que se manteñan os requisitos esixidos para o seu outorgamento.

4. A Administración poderá declara-la perda de vixencia das autorizacións reguladas neste título cando se acredite a desaparición dos requisitos sobre coñecementos, habilidades ou aptitudes psicofísicas esixidas para o outorgamento da autorización.

Para acorda-la perda de vixencia, a Administración deberalle notificar ó interesado a presunta carencia do requisito esixido, concedéndolle a facultade de acreditar a súa existencia na forma e prazos que regulamentariamente se determine.

5. O titular dunha autorización da que se declara a perda de vixencia poderá obtela de novo seguindo o procedemento e superando as probas regulamentariamente establecidas.»

Vintecinco) Artigo 64. *Suspensión cautelar.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«No curso dos procedementos de declaración de nulidade ou lesividade e perda de vixencia das autorizacións administrativas, acordarase a suspensión cautelar da autorización en cuestión cando o seu mantemento entrañe un grave perigo para

a seguridade do tráfico, caso no que a autoridade que coñeza do expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedi-lo efectivo exercicio desta.»

Vinteseis) Artigo 65. *Cadro xeral de infraccións.*

Engádese o número 6 e os 1, 4 e 5 modifícanse, quedando redactados nos seguintes termos:

«1. As accións ou omisións contrarias a esta lei ou ós regulamentos que a desenvolvan terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nela se determinen, a non ser que poidan constituír delitos ou faltas tipificadas nas leis penais, caso no que a Administración pasará o tanto de culpa ó Ministerio Fiscal e proseguirá o procedemento, absténdose de dictar resolución mentres a autoridade xudicial non pronuncie sentenza firme ou dicte outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade e sen estar fundada na inexistencia do feito.»

«4. Son infraccións graves as condutas tipificadas nesta lei referidas a:

- a) Condución negligente.
- b) Arrebolar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes de circulación.
- c) Incumpri-las disposicións desta lei en materia de limitacións de velocidade, salvo que esta supere o límite establecido na alínea e) do número 5; prioridade de paso, adiantamentos, ou cambios de dirección ou sentido.
- d) Paradas e estacionamentos que, por efectúense en lugares perigosos ou por obstaculizaren o tráfico, se cualifiquen regulamentariamente de graves.
- e) Circulación sen luces en situacións de falta ou diminución de visibilidade ou cegando outros usuarios da vía.
- f) Realización e sinalización de obras na vía sen permiso e retirada ou deterioración da sinalización permanente ou ocasional.

5. Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delicto, as seguintes condutas:

- a) A condución polas vías obxecto desta lei tendo inxerido bebidas alcohólicas con taxas superiores ás que regulamentariamente se establezan e, en todo caso, a condución baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos e calquera outra substancia de efectos análogos.
- b) Incumpri-la obriga de tódolos conductores de vehículos de someterse ás probas que se establezan para a detección de posibles intoxicacións de alcohol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas, e a dos demais usuarios da vía cando estean implicados nalgún accidente de circulación.
- c) A condución temeraria.
- d) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por 100 o número de prazas autorizadas, excluído o conductor.
- e) Superar en máis dun 50 por 100 a velocidade máxima autorizada, sempre que isto supoña superar polo menos en 30 quilómetros por hora o dito límite máximo.
- f) A circulación en sentido contrario ó establecido.

g) As competicións e carreiras non autorizadas entre vehículos.

h) O exceso en máis do 50 por 100 nos tempos de conducción ou a minoración en máis do 50 por 100 nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transportes terrestres.

6. As infraccións derivadas do incumprimento da obriga de asegura-los vehículos de motor e de presentación da documentación acreditativa da existencia do seguro obrigatorio regularanse e sancionaranse de acordo coa súa lexislación específica.»

Vintasete) Artigo 67. Sancións.

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 91 euros (15.141 pesetas), as graves con multa de 92 euros (15.308 pesetas) a 301 euros (50.082 pesetas) e as moi graves de 302 euros (50.249 pesetas) a 602 euros (100.164 pesetas). No caso de infraccións graves poderá imporse, ademais, a sanción de suspensión do permiso ou licenza de conducción polo tempo de ata tres meses. No suposto de infraccións moi graves imporase, en todo caso, esta sanción polo período de ata tres meses como máximo. O cumprimento da sanción de suspensión da autorización para conducir poderá fraccionarse na forma que regulamentariamente se determine. A contía da sanción pecuniaria e o período de suspensión do permiso ou licenza de conducción poderán reducirse ata un 30 por 100 da súa totalidade e substituírse nesa parte, por petición do sancionado, por outras medidas tamén reeducadoras que regulamentariamente se determinen. Estas medidas consistirán en cursos formativos de comportamento en materia de seguridade vial ou módulos de concienciación sobre as consecuencias dos accidentes de tráfico.

As sancións de multa previstas no parágrafo anterior e no número 2 deste artigo poderán facerse efectivas antes de que se dicte resolución do expediente sancionador, cunha redución do 30 por 100 sobre a contía correspondente que consignase correctamente no boletín de denuncia o axente ou, no seu defecto, na notificación posterior da dita denuncia polo instructor do expediente.

Cando o infractor non acredite a súa residencia habitual en territorio español, o axente denunciante fixará provisoriamente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe ou garantirse o seu pagamento por calquera medio admitido en dereito, inmovilizará o vehículo. En todo caso terase en conta o previsto no parágrafo anterior respecto á redución do 30 por 100 e o depósito ou o pagamento da multa poderase efectuar en moeda de curso legal en España ou de calquera outro país con quen España manteña tipo oficial de cambio.

O incumprimento das medidas reeducadoras dará lugar á obriga de pagamento inmediato da parte da multa substituída xunto ás recargas que procedan conforme o establecido no Regulamento xeral de recadación.

2. Serán sancionadas con multa de 94 euros (15.640 pesetas) a 1.503 euros (250.078 pesetas) a conducción sen a autorización administrativa correspondente, a circulación sen matrícula ou sen as autorizacións previstas nesta lei, sen ter solicitado en prazo o seu propietario ou posuidor a transferencia do vehículo ó seu favor, ou con vehículo que incumpra as condicións técnicas que

garanten a seguridade vial, as infraccións relativas ás normas sobre a inspección técnica de vehículos, ben como as reguladoras da actividade dos centros de recoñecemento de conductores ou de ensino dos coñecementos e técnicas necesarios para a conducción e a realización de actividades industriais que afecten de maneira directa a seguridade vial.

A Administración poderá impor, ademais, para as infraccións enumeradas no parágrafo anterior, a sanción de suspensión de ata un ano da correspondente autorización ou de cancelación desta de acordo coas graduacións regulamentarias dos cadros de infraccións e sancións que se establezan en atención ós seguintes criterios:

As infraccións que se sancionen con multa de ata 301 euros (50.082 pesetas) poderán levar emparellada a suspensión da correspondente autorización de ata tres meses.

As infraccións que se sancionen con multa de ata 602 euros (100.164 pesetas) poderán levar emparellada a suspensión da correspondente autorización de ata seis meses.

As infraccións que se sancionen con multa de ata 1.503 euros (250.078 pesetas) poderán levar emparellada a suspensión da correspondente autorización de ata un ano ou a súa cancelación.

Cando se trate de incumprimentos das normas reguladoras do ensino dos coñecementos e técnicas necesarios para a conducción, ademais da multa e suspensión ou cancelación da autorización que proceda impor, acordarase a prohibición de obter, ó titular desta, outra nova autorización polo tempo da suspensión imposta. A cancelación da autorización correspondente levará consigo para o seu titular a prohibición de obter outra nova durante un ano. Os mesmos efectos produciranse cando se trate de incumprimentos das normas reguladoras da actividade dos centros de recoñecemento de conductores canto á eficacia da inscrición dos referidos centros nas xefaturas de tráfico.

3. O autor dunha infracción moi grave impóráselle en caso de reincidencia, ademais da sanción pecuniaria correspondente, a revogación do permiso ou licenza de conducción. Neste caso, a graduación da sanción pecuniaria realizarase exclusivamente atendendo á gravidade e transcendencia do feito, así como ó perigo potencial creado.

Para os efectos deste artigo reputarase reincidente quen fose sancionado en firme en vía administrativa durante os dous anos inmediatamente anteriores por dúas infraccións moi graves das previstas no artigo 65.5 desta lei.

Non se procederá á revogación do permiso ou licenza de conducción prevista neste número cando o titular da autorización solicite a realización dun curso de reciclaxe e sensibilización en centro autorizado para isto e acredite telo superado con aproveitamento dentro do prazo e nas condicións que regulamentariamente se determinen. En tal caso, a revogación do permiso ou licenza de conducción substituirase pola sanción de suspensión destes nos termos establecidos no número 1 do artigo 67.

Nos supostos de revogación do permiso ou licenza de conducción non poderá obterse unha nova autorización administrativa para conducir mentres non se cancelase a sanción que deu orixe á revogación.

4. A realización de actividades correspondentes ás distintas autorizacións durante o tempo de suspensión destas levará emparellada unha nova suspensión por un ano ó cometerse o primeiro quebran-

tamento e a revogación da autorización se se producise un segundo quebrantamento.

5. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar-la contía das multas previstas nesta lei, atendendo á variación que experimente o índice de prezos de consumo.»

Vinteito) Artigo 68. *Competencias.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. A competencia para sancionar correspóndelle, no marco do disposto nesta lei, ó delegado do Goberno na Comunidade Autónoma en que se realizase o feito, salvo que se trate de infraccións leves, en que a competencia sancionadora estará atribuída ó subdelegado do Goberno na provincia en que se cometesen aquelas.

Se se trata dunha infracción cometida no territorio de máis dunha comunidade autónoma ou de máis dunha provincia, a competencia para a súa sanción corresponderalle, de se-lo caso, ó delegado do Goberno da comunidade autónoma ou ó subdelegado do Goberno da provincia en que a infracción se denunciase primeiramente, nos termos indicados no parágrafo primeiro.

A facultade de sancionar poderá ser delegada nos xefes provinciais de Tráfico na medida e extensión que as autoridades competentes anteriormente mencionadas estimen conveniente. Os delegados do Goberno poderán tamén delegar nos subdelegados do Goberno.

Nas comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, serán competentes para sancionar os órganos designados polos seus respectivos consellos de Goberno.

2. A sanción por infraccións contra normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderalles ós respectivos alcaldes, os cales poderán delegar esta facultade de acordo coa lexislación aplicable.

Os delegados ou subdelegados do Goberno, se é o caso, e nas comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, os órganos competentes que correspondan, asumirán esa competencia cando, por razóns xustificadas ou por insuficiencia dos servizos municipais, non poida ser exercida polos alcaldes.

As competencias municipais non comprenden as infraccións dos preceptos do título IV desta lei nin as cometidas en travesías mentres non teñan o carácter de vías urbanas.

3. No caso de tódolos números anteriores, a competencia para impo-la suspensión do permiso ou licenza de conducción correspóndelle ó delegado do Goberno na comunidade autónoma, sen prexuízo das súas facultades de delegación no subdelegado do Goberno ou no xefe provincial de Tráfico.

A competencia para sanciona-las infraccións a que se refire o artigo 52 desta lei corresponderalle, en todo caso, ó director xeral de Tráfico.»

Vintenove) Artigo 70. *Inmovilización do vehículo.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán proceder á inmovilización do vehículo cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos desta lei, da súa utilización poida derivarse un risco grave para a cir-

culación, as persoas ou os bens. Para estes efectos, considerarase risco grave para as persoas conducir un ciclomotor ou motocicleta sen casco homologado. Esta medida será levantada inmediatamente despois de que desaparezan as causas que a motivasen. Tamén poderá inmovilizarse o vehículo nos casos de negativa a efectua-las probas a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 12, así como cando non estea provisto do correspondente seguro obrigatorio de vehículos, cando non dispoña do título que habilite para o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou exceda da autorización concedida ata que se logre a identificación do seu conductor.

2. Os axentes da autoridade tamén poderán inmoviliza-lo vehículo nos casos de supera-las niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo, no caso de que este fose obxecto dunha reforma de importancia non autorizada, así como tamén cando se observe un exceso nos tempos de conducción ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ó 50 por 100 dos tempos establecidos regulamentariamente ou a consecuencia de indicios que poñan de manifesto calquera posible manipulación nos instrumentos de control, e poderán dispo-lo traslado do vehículo para os únicos efectos e polo tempo imprescindible para verificar tecnicamente esta reforma ou manipulación do tacógrafo ou os limitadores de velocidade, sendo os gastos desta inspección por conta do denunciado se se acredita a infracción.

3. Os axentes da autoridade inmovilizarán o vehículo cando ó seu conductor se lle poida imputa-la infracción prevista no artigo 65.5.d) desta lei e manterano inmovilizado en canto subsista a causa da infracción.

4. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá aboalos ou garanti-lo seu pagamento como requisito previo a levantar tal medida, sen prexuízo do dereito de defensa que o asiste e da posibilidade de facelo repercutir sobre a persoa responsable que dese lugar a que a Administración adopte esta medida.»

Trinta) Artigo 71.

Engádesse unha alínea g) no número 1 do artigo 71:

«g) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houberse lugar adecuado para practicala sen obstaculiza-la circulación de vehículos ou persoas.»

Trinta e un) Artigo 72. *Persoas responsables.*

Engádense un segundo e terceiro parágrafos ó número 1 e modifícase o número 3, que quedarán redactados nos seguintes termos:

«Cando sexa declarada a responsabilidade dos feitos cometidos por un menor de 18 anos, responderán solidariamente con el os seus pais, titorres, acolledores e gardadores legais ou de feito por esta orde, en razón do incumprimento da obriga imposta a estes, que leva consigo un deber de pre- vi-la infracción administrativa que se lles impute ós menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estrictamente á pecuniaria derivada da multa imposta, que poderá ser moderada pola autoridade sancionadora. Cando se trate de infraccións leves, logo do consentimento das persoas referidas no

parágrafo anterior, poderá substituírse a sanción económica da multa por outras medidas tamén reeducadoras.»

«3. O titular do vehículo, debidamente requirido para isto, ten o deber de identifica-lo conductor responsable da infracción e, se incumprise esta obriga no trámite procedementa l oportuno sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor de falta grave e a sanción imporáselle na súa máxima contía.

Nos mesmos termos responderá o titular do vehículo cando non sexa posible notificarlle a denuncia ó conductor que aquel identifique por causa imputable a este titular.»

Trinta e dous) Artigo 73. *Normas xerais.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«Non se imporá ningunha sanción polas infraccións dos preceptos desta lei senón en virtude de procedemento instruído conforme as normas do presente capítulo e o título IX da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.»

Trinta e tres) Artigo 74. *Actuacións administrativas e xurisdiccionais penais.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando nun procedemento administrativo de carácter sancionador se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delicto ou falta perseguible de oficio, a autoridade administrativa porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, por se procedese o exercicio da acción penal.

2. No caso a que se refire o número anterior non se ordenará a suspensión das actuacións do procedemento administrativo, que continuará tramitándose ata o momento en que o procedemento estea pendente de resolución en que se acordará a suspensión.

3. Concluído o proceso penal con sentenza condenatoria dos inculpad os, e se se acordase a suspensión do procedemento administrativo, archivarase este procedemento sen declaración de responsabilidade. Se a sentenza fose absolutoria ou o procedemento penal acabase por outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade e non estivese fundada na inexistencia do feito, dictarase a resolución que corresponda no procedemento administrativo.»

Trinta e catro) Artigo 77. *Notificación de denuncias.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. Como norma xeral, as denuncias de carácter obrigatorio, formuladas por axentes da autoridade, notificaránselle no acto ó denunciado, facendo constar nelas os datos a que fai referencia o artigo 75 e o dereito recoñecido no artigo 79.1.

Será causa legal que xustifique a notificación da denuncia en momento posterior, o feito de formularse esta en momentos de gran intensidade de circulación ou concorrendo factores meteorolóxicos adversos, obras ou outras circunstancias en que a detención do vehículo tamén poida orixinar un risco concreto.

Así mesmo, a notificación da denuncia poderá efectuarse nun momento posterior cando a autoridade tivese coñecemento dos feitos a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Procederá tamén a notificación da denuncia en momento posterior á súa formulación nos casos de vehículos estacionados cando o conductor non estea presente.

2. O aboamento do importe da multa indicado na notificación da denuncia, tanto se é sinalado polo axente no acto desta, como na notificación enviada posteriormente polo instructor, implicará a terminación do procedemento unha vez concluído o trámite de alegacións sen que o denunciado as formulase, finalizando o expediente, salvo que se acorde a suspensión do permiso ou licencia para conducir e sen prexuízo da posibilidade de interpor-lo recurso correspondente.»

Trinta e cinco) Artigo 79. *Tramitación.*

O número 3 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Transcorridos os prazos sinalados nos números anteriores á vista do alegado e probado polo denunciante e o denunciado, ultimada a instrucción do procedemento e practicada a audiencia ó interesado polo órgano correspondente, salvo cando esta non sexa necesaria de acordo co disposto no artigo 84.4 da Lei 30/1992, este elevará proposta de resolución ó órgano que legal ou regulamentariamente teña atribuída a competencia sancionadora para que dicte a resolución que proceda.»

Trinta e seis) Artigo 80. *Recursos.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. Contra as resolucións dos expedientes sancionadores que sexan competencia dos delegados do Goberno nas comunidades autónomas, poderá interporse dentro do prazo dun mes recurso de alzada ante o ministro do Interior. En igual prazo serán impugnables ante o delegado do Goberno correspondente as sancións impostas polos subdelegados do Goberno.

A competencia para resolve-lo recurso de alzada previsto no parágrafo anterior poderá delegarse no director xeral de Tráfico.

As resolucións dos recursos de alzada serán impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos previstos na súa lei reguladora.

Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso de alzada sen se dictar resolución, poderase entender desestimado, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

2. Contra as resolucións dos expedientes sancionadores dictadas polos órganos competentes das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como as dictadas polos alcaldes no caso das entidades locais, aplicarase o establecido na normativa correspondente.»

Trinta e sete) Artigo 81. *Prescrición.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«1. O prazo de prescrición das infraccións previstas nesta lei será o de tres meses para as infraccións leves, seis meses para as infraccións graves e un ano para as infraccións moi graves e para as infraccións previstas no artigo 67.2 desta lei.

O prazo de prescrición cóntase a partir do día en que os feitos se cometesen. A prescrición interrómtese por calquera actuación administrativa

da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a coñecer-la súa identidade ou domicilio e se practiquen con proxección externa á dependencia en que se orixine. Tamén se interrompe a prescrición pola notificación efectuada de acordo co establecido no artigo 78 desta lei. A prescrición prosegue se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ó denunciado.

2. Se non recaese resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a caducidade deste e procederase ó arquivo das actuacións, por solicitude de calquera interesado ou de oficio polo órgano competente para dicta-la resolución. Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdicción penal e cando interviñese outra autoridade competente para impo-la sanción de multa e que deba trasladalo expediente para substancia-la suspensión da autorización administrativa para conducir á Administración xeral do Estado, o prazo de caducidade suspenderase e recomenzará, polo tempo que falte ata un ano, unha vez que adquirise firmeza a resolución xudicial ou administrativa correspondente.

3. O prazo de prescrición das sancións será dun ano, computado desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a correspondente sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorre-lo prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.»

Trinta e oito) Artigo 82. *Cancelación.*

Queda redactado nos seguintes termos:

«As sancións firmes graves e moi graves serán anotadas no Rexistro de Conductores e Infractores, e as anotacións cancelaranse de oficio, para efectos de antecedentes, unha vez transcorridos dous anos desde o seu total cumprimento ou prescrición.»

Trinta e nove) Artigo 84. *Cobranza de multas.*

Engádese un número 5, que quedará redactado nos seguintes termos:

«5. O procedemento de recadación executiva para a efectividade das sancións impostas polos órganos designados polos consellos de Goberno das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como polos alcaldes, cando os sancionados teñan o seu domicilio fóra do ámbito de competencia territorial desas autoridades, poderá ser realizado por estas, conforme a súa lexislación específica.»

Corenta) Anexo.

O número 68 queda redactado nos seguintes termos:

«68. Parada: inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o conductor poida abandonalo.»

Engádense os números 70, 71, 72, 73, 74 e 75, que quedarán redactados nos seguintes termos:

«70. Vía ciclista: vía especificamente acondicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización

horizontal e vertical correspondente, cunha amplitude que permite o paso seguro destes vehículos.

71. Carril-bici: vía ciclista que discorre unida á calzada, nun só sentido ou en dobre sentido.

72. Carril-bici protexido: carril-bici provisto de elementos laterais que o separan fisicamente do resto da calzada, así como da beirarrúa.

73. Beirarrúa-bici: vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa.

74. Pista-bici: vía ciclista segregada do tráfico motorizado, con trazado independente das estradas.

75. Senda ciclable: vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.»

Disposición adicional primeira.

As disposicións contidas no artigo 68 sobre os delegados do Goberno nas comunidades autónomas son de aplicación ós delegados do Goberno en Ceuta e Melilla, os cales poderán delega-las súas facultades sancionadoras nos correspondentes xefes locais de Tráfico.

Disposición adicional segunda.

Sen prexuízo do disposto nesta lei, as actividades industriais que afecten directamente a seguridade vial rexeranse, ademais de polo previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, polo resto de normas aplicables á seguridade industrial.

Disposición adicional terceira.

Declárase de urxencia a ocupación dos bens afectados polas expropiacións a que dea lugar a execución das obras necesarias para a realización das actuacións nas estradas que se detallan no anexo I.

Disposición adicional cuarta.

Os municipios, no exercicio das competencias que lles atribúe o artigo 7 desta norma e en virtude do disposto no artigo 60 da Lei 13/1982, do 7 de abril, durante o ano seguinte á entrada en vigor desta lei, deberán adopta-las medidas necesarias para a concesión da tarxeta de aparcadoiro para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade e para a efectividade dos dereitos que desta derivan, tendo en conta a recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para as persoas con discapacidade.

Os municipios expedirán as tarxetas de aparcadoiro especial para minúvalidos segundo o modelo determinado regulamentariamente, e terán validez en todo o territorio nacional.

As tarxetas expedidas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición normativa poderán seguir usándose ata a súa substitución.

Disposición adicional quinta.

O Goberno modificará o sinal R-407 (Camiño reservado para ciclos) do Regulamento xeral de circulación, aprobado por Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, co obxecto de que este non inclúa a obriga de circular ciclomotores nos lugares onde este sinal apareza.

Disposición adicional sexta.

En accidentes de tráfico por atropelos de especies cinexéticas, será causa legal que permita atribuírle a

responsabilidade ó conductor do vehículo polos danos producidos nun accidente de circulación o feito de que se lle poida imputar un incumprimento das normas de circulación que poida ser causa suficiente dos danos ocasionados; isto sen prexuízo da responsabilidade que sexa esixible a quen corresponda conforme a normativa específica e de que sexan probadas debidamente as circunstancias do accidente.

Disposición transitoria única.

Durante o ano seguinte á entrada en vigor desta lei manterase o réxime de tarifas dos centros de recoñecemento.

Á finalización do prazo sinalado no parágrafo anterior, os prezos aplicables ás actividades dos centros de recoñecemento serán establecidos libremente por estes.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a esta lei.

Disposición derradeira primeira.

Para os fins exclusivos de garanti-la seguridade pública, o Goberno regulará o sistema de acreditación das aptitudes psicofísicas esixibles en materia de licencias de armas e de habilitación do persoal de seguridade privada, así como os elementos persoais e materiais mínimos que deberán reuni-los centros de recoñecemento habilitados para tal fin.

Disposición derradeira segunda.

O Goberno, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, procederá a modifica-lo Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial e o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, para adecualos ás modificacións contidas nesta lei.

Así mesmo, o Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, procederá a modifica-lo Regulamento regulador das escolas particulares de conductores de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1753/1984, do 30 de agosto.

Disposición derradeira terceira.

Anualmente o Goberno aprobará un Plan Nacional de Seguridade Vial, logo de informe favorable do Pleno do Consello Superior de Tráfico e Seguridade da Circulación Vial, e no seu seo elaborárase o referido Plan, que establecerá as prioridades e actuacións que implique para a redución de accidentes de circulación; articulando tódalas estratexias posibles de prevención e redución de accidentes de circulación.

As comunidades autónomas participarán na elaboración do Plan Nacional de Seguridade Vial e incorporarán os seus a este.

Disposición derradeira cuarta.

Esta lei de reforma do texto articulado do Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de

vehículos de motor e seguridade vial, entrará en vigor ó mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e aplicarase a tódolos feitos sancionables que se cometan a partir da súa vixencia.

As previsións contidas nos números 1 e 3 do artigo 67 e no número 1 do artigo 72, en canto se refire á substitución ou renovación das autorizacións administrativas para conducir por determinados cursos ou outras medidas tamén reeducadoras, entrarán en vigor no momento de que o Goberno complete o desenvolvemento regulamentario dos cursos de reciclaxe e sensibilización en materia de seguridade vial previstos nos ditos preceptos.

Disposición derradeira quinta.

O Goberno regulará regulamentariamente, de acordo coa normativa europea, a incorporación de elementos de seguridade que fagan visible o conductor cando, véndose obrigado a dete-lo vehículo na estrada, deba saír del.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I

Acción administrativa en materia de estradas

As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións de urxencia para os efectos de ocupación dos bens afectos a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa:

A) As actuacións de alta capacidade nos seguintes itinerarios:

Autovía do Cantábrico.
Autovía Villaviciosa-Oviedo-Salas-La Espina.
Autovía da Ruta da Plata.
Autovía Sagunto-Aragón.
Autovía Cantabria-Meseta (Torrelavega-Palencia, incluíndo o ramal de Aguilar de Campoo-Burgos).
Autovía do Mediterráneo.
Autovía de Castilla.
Autovía de Bailén-Motril.
Autovía de Ciudad Real.
Autovía de Castilla-La Mancha.
Autovía Córdoba-Antequera.
Autovía do Duero.
Autovía Tordesillas-Zamora.
Autovía Ávila-Salamanca.
Autovía Cádiz-Vejer de la Frontera.
Autovía Abrera-Terrassa.
Autovía Verín-fronteira portuguesa.
Autovía Almería-Rioja.
Autovía del Baix Llobregat.
Autovía Palencia-Benavente.
Eixe transversal de Cataluña.
Autovía Logroño-Burgos.
Autovía Santiago-Lugo.
Autovía Lugo-Ourense.
Autovía Zamora-fronteira portuguesa.
Autovía Ciudad Real-Badajoz.
Autovía Sevilla-fronteira portuguesa (Rosal de la Frontera).
Autovía Cuenca-Teruel.
Autovía Font de la Higuera-Jumilla-Murcia.
Autovía Pamplona-fronteira francesa.

Autovía Logroño-Pamplona.
 Autovía Huesca (Nueno)-fronteira francesa.
 Autovía Huesca-Pamplona.
 Autovía Huesca-Lleida.
 Autovía Lleida-fronteira francesa (Vielha).
 Autovía Vic-Olot-Figueres-fronteira francesa.
 Eixe do Sella.
 Autovía Tarragona-Montblanc-eixe transversal.
 Autovía Valladolid-León.
 Autovía Linares-Albacete.
 Autovía Trujillo-Cáceres.
 Autovía Alcoy-Xátiva.

B) Así mesmo, as actuacións en medio urbano ou acondicionamentos:

Acceso aeroporto Jerez de la Frontera (Cádiz).
 Acondicionamento Cerro Murriano-Córdoba (Córdoba).
 Adecuación vía Hispanidade entre N-322 e N-330 (Zaragoza).
 Enlaces de Lieres-enlace de la Masanti (Oviedo).
 Ronda oeste de Burgos.
 Variante da Font de la Figuera.
 Variante de Villajoyosa (Alicante).
 Duplicación terceiro carril en Alcudia (Valencia).
 Prolongación e melloras acceso sur de Barajas (Madrid).
 Conexión aeroporto-Vte. N-II. Vías de servicio sur de Barajas (Madrid).
 Eixe aeroporto-Hortaleza.
 Variante de Tirgo (La Rioja).
 Variante de Ausejo (La Rioja).
 Acondicionamentos en tres treitos da N-232 (La Rioja).
 Na Comunidade Autónoma de Canarias: as que se executen en aplicación e/ou desenvolvemento do convenio asinado co Goberno canario o 16 de abril de 1997.
 Na Comunidade Autónoma de Illes Balears: as que se executen en aplicación e/ou desenvolvemento do convenio asinado co Goberno balear o 21 de xaneiro de 1998.
 Acondicionamento da N-I no Condado de Treviño.
 Mellora e/ou acondicionamento dos treitos de auto-vías de primeira xeración (N-I, N-II, N-III e N-IV).

24515 LEI ORGÁNICA 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. («BOE» 307, do 24-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O sistema universitario español experimentou profundos cambios nos últimos vinte e cinco anos; cambios impulsados pola aceptación por parte das nosas universidades dos retos presentados pola xeración e transmisión dos coñecementos científicos e tecnolóxicos. A nosa sociedade confía hoxe máis ca nunca nas súas universidades para afrontar novos retos, os derivados da sociedade do coñecemento nos albores do presente século.

Durante as últimas dúas décadas, a vella institución universitaria transformouse radicalmente. A Constitución consagrou a autonomía das universidades e garantiu, con esta, as liberdades de cátedra, de estudio e de inves-

tigación, así como a autonomía de xestión e administración dos seus propios recursos. Durante este período, as universidades triplicáronse, creándose centros universitarios en case tódalas poboacións de máis de cincuenta mil habitantes, nos que hoxe se estudian máis de cento trinta titulacións diferentes. Tamén culminou hai a penas uns anos o proceso de descentralización universitaria, transferíndoselles ás administracións educativas autonómicas as competencias en materia de ensino superior. Non de menor magnitude foi a transformación tan positiva no ámbito da investigación científica e técnica universitaria, que ten por principais destinatarios os propios estudantes das nosas universidades, que non só reciben nelas unha formación profesional adecuada, senón que poden beneficiarse do espírito crítico e a extensión da cultura, funcións ineludibles da institución universitaria.

Este esforzo compartido por universidades, administracións educativas e a propia sociedade foi extraordinario, e é por iso polo que agora, conscientes do camiño percorrido, tamén o somos de que é necesaria unha nova ordenación da actividade universitaria. Esta, de forma coherente e global, debe sistematizar e actualizar os múltiples aspectos académicos, de docencia, de investigación e de xestión, que lles permitan ás universidades abordar, no marco da sociedade da información e o coñecemento, os retos derivados da innovación nas formas de xeración e transmisión do coñecemento.

Se recoñecemos que as universidades ocupan un papel central no desenvolvemento cultural, económico e social dun país, será necesario reforza-la súa capacidade de liderato e dota-las súas estruturas da maior flexibilidade para afrontar estratexias diferenciadas no marco dun escenario vertebrado. Esta capacidade permitiralles desenvolver a cada unha delas plans específicos acordos coas súas características propias, coa composición do seu profesorado, coa súa oferta de estudos e cos seus procesos de xestión e innovación. Só así poderán responder ó dinamismo dunha sociedade avanzada como a española. E só así, a sociedade poderá esixir das súas universidades a máis valiosa das heranzas para o seu futuro: unha docencia de calidade, unha investigación de excelencia.

Desde esta perspectiva, deséñase a moderna arquitectura normativa que reclama o sistema universitario español para mellora-la súa calidade docente, investigadora e de xestión; fomenta-la mobilidade de estudantes e profesores; profundar na creación e transmisión do coñecemento como eixe da actividade académica; responder ós retos derivados tanto do ensino superior non presencial a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación como da formación ó longo da vida, e integrarse competitivamente xunto ós mellores centros de ensino superior no novo espacio universitario europeo que se está comezando a configurar.

Todos somos conscientes de que os cambios sociais operados na nosa sociedade están estreitamente relacionados cos que teñen lugar noutros ámbitos de actividade. Así, a modernización do sistema económico imponlles esixencias cada vez máis imperativas ós sectores que impulsan esa continua posta ó día; e non podemos esquecer que a universidade ocupa un lugar de privilexio nese proceso de continua renovación, concretamente nos sectores vinculados ó desenvolvemento cultural, científico e técnico. É por isto polo que as nosas universidades necesitan incrementar de xeito urxente a súa eficacia, eficiencia e responsabilidade, principios todos eles centrais da propia autonomía universitaria.

Tamén a formación e o coñecemento son factores clave neste escenario, caracterizado por vertixinosas transformacións nos ámbitos sociais e económicos. A nova sociedade demanda profesionais co elevado nivel cultural, científico e técnico que só o ensino universitario